

Porque desexos hai moitos, si, pero que sabemos realmente de sexo?


presentación

deseXo é un espectáculo de nova creación, que nace a partir de inquiredanzas xurdidas dentro da propia compañía. En concreto a partir da seguinte pregunta: como afecta a pornografía ás nosas vidas?

Asesorados por unha especialista, a sexóloga Bárbara Penas, iniciamos un proceso de investigación que ten a súa culminación no foro-teatro que levamos a cabo en varios centros de ensino secundario baixo o epígrafe: A pornografía na adolescencia.

Grazas a isto podemos facer unha composición de lugar con respecto á actual situación da educación sexual na nosa comunidade.

O espectáculo está concibido como unha reflexión en ton cómico sobre a ausencia xeralizada desta formación, tanto no ámbito doméstico, como no marco formativo regrado; tamén sobre a súa substitución polo que se pode aprender na pornografía e nas redes sociais, coa consecuente aparición de malos hábitos, frustracións, estereotipos sexistas e unha excesiva presión á hora de manter relacións afectivo-sexuais.



Un espectáculo que conta coa axuda á creación escénica da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) na modalidade plurianual.

Os dous intérpretes, Marta Ríos e Dani Trillo, fan unha exposición de diversas situacións relacionadas con estes temas, con constantes rupturas da cuarta parede, nun denodado esforzo por establecer unha vía de comunicación co público ao redor das relacións sexuais.

sinopse

Como foi a nosa **educación** sexual?
Estamos preparados para ter unha sexualidade sa?
Sabemos como afrontar as nosas **relacións**?
Somos capaces de educar ás próximas xeracións?
Onde aprendemos o que sabemos sobre sexo?
Na **pornografía**? Nas redes sociais?
E que consecuencias ten formarse así?
Intentemos fixarnos nas publicacións, na música,
na **publicidade**...
Vivimos na sociedade do desexo, a máis sexualizada da historia, pero na que todas estas cuestións seguen a seren **tabú**.
deseXo é un xoguete cómico que aborda todo isto, porque xa vai sendo hora de falar claramente sobre **sexo**.



O código do espectáculo é o dunha **comedia**, pois cremos que cómpre ser conscientes da problemática exposta, pero cun **enfoque amable** que nos permita normalizar falar de sexualidade e enfocar a conversa sen agresividade, polémica ou pudor.

ficha artística e técnica

REPARTO

MARTA RÍOS • DANI TRILLO

ESCENOGRAFÍA

VÍCTOR NÚÑEZ

VESTIARIO e MAQUILLAXE

MARTINA CAMBEIRO

ILUMINACIÓN

DANI TRILLO

MÚSICA ORIXINAL

MANU ABRALDES

ASESORAMENTO

BÁRBARA PENAS

PRODUCCIÓN e DISTRIBUCIÓN

AURI FERREIRO e ARTUR TRILLO

AUTORÍA e DIRECCIÓN

DIEGO REY

Duración: 70 minutos N.R.M. 12 anos





dirección DIEGO REY



Actor e director teatral. Titulado en Dirección escénica e dramaturxia pola Escola Superior de Arte Dramática. A partir do ano 2010 o seu labor comeza a orientarse de forma decidida cara a dirección, simultaneando proxectos para Talía teatro e colaboracións con outras

compañías.

Con Talía asumiu a dirección dos espectáculos *Carta urxente para Máximo Toxo*, *O servidor de dous anos* e *A parábola do angazo*.

o elenco



Marta Ríos



Dani Trillo

En canto ao elenco, hai que salientar a súa experiencia conxunta en traballos anteriores, destacando sen dúbida o espectáculo *Carta urxente para Máximo Toxo*, onde xa daban boa mostra da súa particular e excelente sintonía.

A experiencia de ambos en comedia e traballo físico permite abordar o espectáculo con garantías, sendo deseño un xoguete creado ex profeso á súa xusta medida, para que así poidan desenvolver todas as súas habilidades interpretativas e cómicas.

Tamén cómpre mencionar a actividade de Marta Ríos en centros de ensino realizando co alumnado obradoiros de prevención de violencia de xénero e de xestión emocional.


asesoramento



Bárbara Penas

Cabe destacar tamén a presenza da educadora sexual Bárbara Penas no proceso de creación deste espectáculo, aportando o seu saber en sincronía con Diego Rey para desenvolver este proxecto.





talía teatro

Producións Teatrais Talía S.L.
Vía Marconi 2A, Polígono do Tambre
15890 Santiago de Compostela

Tfnos. 981943242 _ 630877153
info@taliateatro.gal



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



CONCELLO
DE
BOIRO

www.taliateatro.gal

